



Prezado/a Director/a:

Pola presente poñemos no seu coñecemento que o vindeiro xoves 24 de febreiro a cidade de Vigo acollerá o final da primeira etapa da volta ciclista a Galicia "O Gran Camiño". Trátase dunha volta ciclista profesional que contará coa presenza na nosa cidade dos mellores equipos e ciclistas do pelotón profesional internacional.

O desenvolvemento deste contrastado evento deportivo que pasará polas rúas da nosa cidade, implicará diferentes cambios no tráfico e na mobilidade, xa que estableceranse polo tempo estritamente necesario cortes provisionais nalgúns puntos ao longo do percorrido da proba ciclista.

En consecuencia, esta proba deportiva ciclista que chegará dende Redondela pola estrada PO-323, terá a súa entrada na cidade pola Avenida de Galicia, e continuará polas rúas Sanjurjo Badía, García Barbón e Policarpo Sanz, onde estará localizada a meta para finalizar a etapa.

O dispositivo específico previsto cos seguintes cambios que afectarán ao tráfico e á mobilidade no entorno deste percorrido é o seguinte:

"Dende o día 23, a partires das 17:00 hs quedarán cortadas ao tráfico as rúas Policarpo Sanz, Darío Álvarez Blázquez, Reconquista e Velázquez Moreno, ata o remate deste evento deportivo o mesmo xoves 24 dos correntes sobre as 20:00 hs aprox.

Cómpre indicar que na rúa Velázquez Moreno tamén está previsto desenvolver reformas no seu pavimento que cortarán por máis tempo o seu tráfico, e terán como alternativas para os desvíos as rúas Marqués de Valadares, Pontevedra e Praza de Compostela.

O día 24, segue a mesma prohibición do día 23, e ademais a partires das 12:00 hs cortarase a circulación dende a Avda de García Barbón (dende a rotonda coa rúa Rosalía de Castro) ata a rúa Policarpo Sanz, prohibición que se poderá aumentar dende a rúa Sanjurjo Badía, ata as 19:00 hs aprox., deixando a circulación transversal nos cruces de Alfonso XIII, República Argentina, Colón e Isaac Peral.

A partires das 14:00 pecharase o tráfico na súa totalidade, e a circulación normal voltará a restablecerse progresivamente logo do paso do pelotón ciclista e a retirada de todos os vehículos e equipos da organización da volta ciclista a Galicia".

Coa finalidade de minimizar as molestias ocasionadas, pregámoslle que traslade o plan concreto de tráfico establecido, aos distintos sectores da comunidade educativa que Vostede preside (docentes, alumnado e familias) e ás empresas que están a prestar o servizo de transporte escolar; para con antelación suficiente coñecer os horarios e os cambios establecidos e en consecuencia poder organizarse do mellor xeito posible.

Agradecendo de antemán a súa inestimable colaboración, e agardando que a nosa cidade poida desfrutar da primeira etapa da volta ciclista a Galicia "O Gran Camiño", reciba un cordial saúdo.

Vigo, a data da súa sinatura dixital

O CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN.- Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/02/2022 13:23	Páxina 1 de 1
220033660	CSV: ACA2AH-482DBH-8A5FB8-J3UA8J-8GE5ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		